

Política Financeira», programa 612D, «Xestión da Débeda e da Tesourería do Estado», capítulo 4, «Transferencias correntes», artigo 47, «A empresas privadas», concepto 470, «Para subvencionar as diferencias de troco das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe [artigo 13.c) da Lei 8/1972, do 10 de marzo]. Crédito destinado a cancelar débedas contraídas co Banco de España no exercicio de 1999.»

## Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, conforme o establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10565** *LEI 9/2001, do 4 de xuño, pola que se modifica a disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, determinados artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e determinados artigos da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro. («BOE» 134, do 5-6-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O principal obxectivo da política económica do Goberno é lograr un ritmo de crecemento económico sustentable que permita continuar aproximando os niveis de renda per cápita e de emprego en España ós das economías máis desenvolvidas. Para isto, é imprescindible o establecemento dun réxime de liberalización económica adecuado. Este réxime de liberalización, o desenvolvemento e consolidación do cal motivou a promulgación dos reais decretos leis de xuño de 2000, pasa en todo caso pola definición das condicións normativas básicas para que a estrutura e funcionamento dos mercados faga destes instrumentos eficientes de intercambio de bens e servicios.

Non cabe dúbida de que o establecemento dun marco que posibilite unha maior competencia entre os oferentes contribúe a reforza-lo eficaz funcionamento dos mercados e, en consecuencia, á expansión e sustentabilidade do crecemento económico.

No caso concreto do sector eléctrico, hai que sinalar que nestes tres últimos anos se foi producindo unha aceleración na liberalización da subministración, estando previsto, de acordo co Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios, a total liberalización da subministración o 1 de xaneiro de 2003.

Pola súa vez, este ambicioso plan de liberalización ocasionou que empresas que ata a data non consideraran a súa implantación en España estean interesadas en participar na apertura do mercado da subministración de electricidade.

Para iso, o Goberno considera imprescindible aclarar-lo marco aplicable ós custos de transición ó réxime de mercado competitivo para os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica imposto pola disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas sucesivas modificacións; igualmente resulta necesaria unha reforma da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, co fin de delimita-lo contido dos acordos que poden ser adoptados polo Goberno en expedientes de concentración empresarial e de atribuírlles ós órganos competentes en materia de defensa da competencia de instrumentos efectivos para velar polo cumprimento destes acordos.

Esta lei consta de tres artigos; o primeiro dá nova redacción á disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, modificada polo artigo 107 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que recoñeceu os custos de transición á competencia (CTC) ás sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica incluídas en 31 de decembro de 1997 no ámbito de aplicación do Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre determinación da tarifa das empresas xestoras do servizo. Ademais, exclúense do pagamento de CTC as importacións de enerxía eléctrica procedentes doutros Estados membros da Unión Europea, explicitase o incentivo por tecnoloxía GICC e mantense a rebaixa prevista no importe máximo de CTC a 31 de decembro de 1997.

Por outro lado, é necesario estende-lo dereito de cobramento dos custos de transición á competencia ás sociedades que adquiren posteriormente activos de xeración ós que se lles concedeu o dereito de cobramento deles. O proceso de venda dos ditos activos de xeración explicitará o valor de mercado das instalacións, sendo necesario adapta-los seus custos á valoración que terceiros dean no proceso de desinvestimento ós ditos activos. Por isto, prevese que o incremento de valor que o mercado atribúa a estas instalacións de xeración sexa descontado dos titulares iniciais delas.

Por outra parte, a consideración do exceso de venda de enerxía das ditas instalacións no mercado de produción sobre as 6 pesetas por kWh, que foron consideradas como ingresos a percibir no novo mercado de xeración, foi un mecanismo adecuado para evitar incrementos de prezos non xustificadas no mercado. Por iso resulta conveniente trasladar esta limitación ós novos titulares, xunto co dereito de cobramento dos CTC asignados ás instalacións.

Con isto, tódalas sociedades titulares de activos ós que se considerou que non poderían recupera-los seus custos estarán en igualdade de condicións, con independencia de que fosen titulares iniciais ou con posterioridade das ditas instalacións.

Esta obriga de transmitir-los dereitos de cobramento debe facerse partir dunha data posterior á entrada en vigor da Lei do sector eléctrico, dado que, en virtude da obriga establecida no artigo 14 e na disposición transitoria quinta da Lei 54/1997, o 31 de decembro do ano 2000 é a data límite para separa-las actividades reguladas das non reguladas.

O artigo segundo contén dúas medidas imprescindibles para a consecución dun marco de defensa da competencia adecuado ás necesidades derivadas do proceso de liberalización económica. Por un lado, establécese unha nítida diferenza entre as condicións a que poden subordinarse os acordos de autorización de concentracións empresariais e os límites que as normas sectoriais imponen na participación nos mercados e sectores regulados e nos seus operadores, de modo que nos acordos do Consello de Ministros que subordinen as concentracións ó cumprimento de condicións poidan modificarse as restriccións establecidas con carácter xeral nas leis sectoriais, durante a execución dos ditos acordos.

Por outro lado, incorpórase o instrumento das multas coercitivas como medio de execución forzosa dos acordos que autorizan operacións de concentración empresarial suxeitándoas ó cumprimento de determinadas condicións. A adopción deste tipo de medidas, xa previstas noutros preceptos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, para compeler ó cumprimento forzoso dos acordos adoptados polo Tribunal de Defensa da Competencia de remoción de conductas restrictivas ou abusivas e restablecemento da competencia efectiva e para obrigar a notifica-los acordos de concentración que superan os limiares previstos na lei, non está prevista como medida de execución forzosa para o cumprimento das condicións impostas nos acordos de concentración; deste modo, échese un baleiro que, sen dúbida, permitirá maior celeridade e rigor no grao de cumprimento dos mencionados acordos.

As citadas medidas requiren a súa inmediata aplicabilidade, na medida en que recollen réximes e instrumentos necesarios para o fomento da competencia no marco dunha economía en pleno proceso de liberalización, integrada dentro do Mercado Único e suxeita a riscos permanentes de restricción da competencia mercé ás conductas das empresas e grupos empresariais con forte presenza nos distintos mercados e sectores os efectos dos cales poden chegar a ser de imposible ou moi difícil reparación. Por estas razóns, o Goberno considera de extraordinaria e urxente necesidade a inmediata posta en práctica tanto do novo marco regulador dos CTC como dos instrumentos relacionados coas operacións de concentración empresarial.

**Artigo primeiro.** *Modificación da disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase o contido da disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactada nos seguintes termos:

«1. Recoñécese a existencia duns custos de transición ó réxime de mercado competitivo, previsto nesta lei, das sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica que en 31 de decembro de 1997 estiveran incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre determinación da tarifa das empresas xestoras do servizo. En consecuencia, recoñéceselles ás ditas sociedades o dereito a percibiren unha compensación por tales custos.

O importe base global destes custos, en valor en 31 de decembro de 1997, nunca poderá superar 1.736.778 millóns de pesetas, descomposto nun valor máximo de 1.441.502 millóns de pesetas en concepto de custos de transición á competencia tecnolóxicos e un valor máximo de 295.276 millóns

de pesetas en concepto de incentivos ó consumo de carbón autóctono a que fai referencia o parágrafo primeiro da disposición transitoria cuarta, na que se inclúen 49.267 millóns de pesetas correspondentes ó incentivo á tecnoloxía GICC.

2. Ata o 31 de decembro de 2010, o Goberno poderá establecer anualmente o importe máximo desta retribución coa distribución que corresponda. Non obstante, se as condicións do mercado o fan aconsellable, unha vez cumpridas as condicións e compromisos establecidos nesta disposición transitoria, o Goberno poderá anticipa-la data sinalada neste punto.

3. Se o custo medio de xeración a que se refire o artigo 16.1 desta lei de cada unha das sociedades titulares de instalacións de xeración resultase anualmente superior a 6 pesetas por kWh, este exceso deducirase do citado valor actual, sendo establecidas anualmente polo ministro de Economía as novas cantidades e porcentaxes de custos de transición á competencia que corresponderán a cada unha destas sociedades.

4. Os custos que deriven desta retribución serán repercutidos a tódolos consumidores de enerxía eléctrica como custos permanentes do sistema, excluindo a enerxía procedente doutros países da Unión Europea, nos termos que establece o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

5. No caso de que sociedades titulares procedesen á venda destas instalacións, procederase a transmitir igualmente o dereito de cobro dos custos de transición á competencia asignados á instalación ou instalacións de xeración que se venden á empresa adquirente, debendo solicita-la empresa vendedora ó ministro de Economía a contía dos dereitos de cobramento por custos de transición á competencia da central ou centrais obxecto da venda. Unha vez efectuada a operación de venda e inscrito o cambio de titularidade no Rexistro Administrativo de Producción do Ministerio de Economía, procederase a deducir da sociedade vendedora e acreditar á sociedade compradora os saldos pendentes polos dereitos de cobramento dos custos de transición á competencia.

Se na venda das instalacións de produción ás que se recoñeceu custos de transición á competencia, a sociedade vendedora obtivese prezos de venda destas instalacións de produción superiores ós custos que se tiveron en conta para o cálculo a 31 de decembro de 1997 dos custos de transición á competencia tecnolóxicos asignados a ela e trasladados ó momento da súa transmisión, esta diferenza será deducida do saldo pendente dos dereitos de custos de transición á competencia da sociedade vendedora.

O procedemento detallado de cálculo das diferenzas destes valores será establecido polo ministro de Economía.

Será de aplicación ás sociedades que adquirisen instalacións de xeración ás que se lles recoñecese custos de transición á competencia a limitación establecida no punto terceiro.

6. A restitución pola presente disposición do sistema de cobramento dos custos de transición

á competencia á situación anterior á Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, implicará a aplicación do réxime de tratamento contable das perdas producidas nas empresas do sector eléctrico como consecuencia da aplicación do réxime de mercado competitivo, con imputación, se é o caso, ó último exercicio cerrado con anterioridade á entrada en vigor desta disposición.»

**Artigo segundo.** *Modificación dos artigos 17 e 18 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

Un. Dáselle nova redacción á alínea b) do artigo 17.1, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Subordina-la súa aprobación á observancia de condicións que acheguen ó progreso económico e social unha contribución suficiente para compensar os efectos restrictivos sobre a competencia. Estas condicións poderán consistir, entre outras, na obriga de transmitir certos negocios ou activos ou na imposición de limitacións. No suposto de que a lexislación sectorial correspondente estableza algún tipo de limitación, o acordo do Consello de Ministros poderá autoriza-la súa modificación en tanto se executa e nos termos fixados nel.»

Dous. Dáse nova redacción ó número 3 do artigo 18 e engádesse un número 4, pasando ámbolos puntos a te-lo seguinte contido:

«3. O Servicio de Defensa da Competencia viviará a execución e o cumprimento dos acordos adoptados polo Consello de Ministros en aplicación do artigo 17; para tal efecto, e sen prexuízo da adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento, poderá proporlle ó Goberno a imposición de multas coercitivas de ata 2.000.000 de pesetas, ou 12.020 euros, por cada día que transcorra sen executa-las obrigas que procedan en cumprimento do acordo.

4. Independentemente do previsto no punto anterior, o incumprimento do ordenado en aplicación do artigo 17 poderá dar lugar á imposición polo Goberno a cada unha das empresas afectadas de multas de ata o 10 por 100 do seu respectivo volume de vendas en España no exercicio en que se producise a operación de concentración.»

**Artigo terceiro.** *Modificación dos artigos 5, 15 e 21 da Lei 16/1989, do 19 de xullo, de defensa da competencia.*

Un. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 5 da Lei 16/1989, do 19 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado como segue:

«Mediante regulamentos de exención, na elaboración dos cales emitirá informe preceptivamente o Tribunal de Defensa da Competencia, o Goberno poderá autoriza-las categorías de acordos, decisións, recomendacións, prácticas concertadas ou conscientemente paralelas previstas no artigo 3.1, cando:

a) Participen dúas ou máis empresas e impongan restricións na distribución e/ou subministra-

ción de determinados bens ou servizos para a súa venda ou revenda, ou en relación coa adquisición ou utilización de dereitos de propiedade industrial ou intelectual, ou de coñecementos secretos industriais ou comerciais, ou

b) Teñan unicamente por obxecto a elaboración e aplicación uniforme de normas ou tipos, ou a especialización na fabricación de determinados produtos, ou a investigación e o desenvolvemento en común, ou

c) Teñan por obxecto ou efecto aumentar a racionalidade e competitividade das empresas, especialmente das pequenas e medianas.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó derradeiro parágrafo do punto segundo do artigo 15 da Lei 16/1989, do 19 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado como segue:

«A execución da operación en contravención do establecido neste epígrafe será sancionada coa multa establecida no artigo 18.4 desta lei, e non lle será de aplicación a ela a autorización tácita prevista nos seus artigos 15 bis.2 e 17.2. A instrución do expediente corresponderá ó Servicio de Defensa da Competencia e a imposición da sanción ó ministro de Economía.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 21 da Lei 16/1989, do 19 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado como segue:

«2. O nomeamento do presidente e os vocais será por cinco anos, renovables por unha soa vez. Non obstante, expirado o prazo do mandato correspondente ás vocalías do tribunal, así como da Presidencia, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos vocais ou, se é o caso, do presidente.

Se durante o período de duración do mandato correspondente a unha vocalía se producise o cesamento do seu titular, o seu sucesor cesará ó termo do referido mandato.

Cando este último cesamento se produza antes de transcorrido un ano desde o nomeamento, non resultará de aplicación o límite previsto no parágrafo primeiro deste punto, podendo ser renovado o mandato en dúas ocasións.»

**Disposición adicional única.** *Modificación da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.*

Un. Modifícase o parágrafo segundo do punto tres do artigo 2 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Durante o período transitorio ó que se refire o artigo 12 desta lei, a redenominação dun instrumento xurídico comportará necesariamente a alteración material da expresión da unidade de conta. Finalizado o período transitorio, a redenominação entenderase automaticamente realizada de acordo, se é o caso, coas normas específicas sinaladas nesta lei, aínda que non se altere materialmente a expresión da unidade de conta. En especial, cando se trate de tarifas ou prezos unitarios a redenominação entenderase realizada de acordo co disposto no artigo 11.4.»

Dous. Engádenselle dous puntos, tres e catro, ó artigo 11 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 11. *Redondeo.*

Un. Nos importes monetarios que se teñan que aboar ou contabilizar, cando se leve a cabo unha operación de redondeo despois dunha conversión á unidade euro, deberán redondearse por exceso ou por defecto ó céntimo máis próximo. Os importes monetarios que se teñan que aboar ou contabilizar e se convertan á unidade monetaria peseta deberán redondearse por exceso ou por defecto á peseta máis próxima. En caso de que ó aplica-lo tipo de conversión se obteña unha cantidade da que a última cifra sexa exactamente a metade dun céntimo ou dunha peseta, o redondeo efectuarase á cifra superior.

Dous. En ningún caso poderá modificarse o importe a pagar, liquidar ou contabilizar como saldo final, como consecuencia de redondeos practicados en operacións intermedias. Para os efectos deste punto, enténdese por operación intermedia aquela en que o obxecto inmediato da operación non sexa o pagamento, liquidación ou contabilización como saldo final do correspondente importe monetario.

Tres. No caso da conversión á unidade euro de sancións pecuniarias, tributos, prezos, tarifas e demais cantidades con importes monetarios expresados unicamente en pesetas, cando exista unha graduación por tramos e, como resultado do redondeo efectuado segundo o disposto neste artigo, se obteñan cantidades coincidentes en diferentes tramos, procederase a incrementar nun céntimo de euro a correspondente ó tramo superior.

Catro. Cando se trate da conversión á unidade euro de tarifas, prezos, aranceis ou cantidades unitarias, que teñan que aplicarse a bases expresadas en calquera magnitude, as cifras que resulten da aplicación do tipo de conversión tomaranse con seis cifras decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto ó sexto decimal máis próximo. En caso de que ó aplica-lo tipo de conversión se obteña unha cantidade da que a sétima cifra decimal sexa cinco, o redondeo efectuarase á cifra superior. Se o produto resultante da aplicación da tarifa en euros á base, determinada conforme o procedemento anterior, ten a natureza de operación intermedia aplicarase o disposto no punto dous deste artigo; noutro caso, será de aplicación o seu punto un.»

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Autorización ó Goberno para elaborar un texto refundido da Lei de defensa da competencia.*

Autorízase o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial del

Estado», elabore un texto refundido da Lei de defensa da competencia, ó que se incorporen, regularizando, aclarando e harmonizando, se é o caso, as modificacións que no seu texto se introducen pola presente lei e polas seguintes disposicións:

Artigo 15 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, de medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Artigo 10 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia.

Lei 52/1999, do 28 de decembro, de reforma da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Artigos 29, 30, 31, 32 e 33 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**10672** *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 442/2001, do 27 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.* («BOE» 135, do 6-6-2001.)

Advertidas erratas no texto do Real decreto 442/2001, do 27 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 8 en lingua galega, do 1 de maio de 2001, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 476, N.º PM/REF (1) 68145 na columna «Nome» (3), onde di: «2,2,2-Nitrilo [trietil tris (3,3,5,5-tetra-terc-butil-1,1-bifenil-2,2-diil)fosfito]»; debe dicir: «2,2',2''-Nitrilo [trietil tris (3,3',5,5',-tetra-terc-butil-1,1'-bifenil-2,2'-diil)fosfito]».